

Silvia Penas

É profesora de lingua e literatura galegas.

Como poeta foi galardoada en diversos certames, como o premio de poesía da Universidade de Vigo 2005, co poema en cinco partes intitulado *Neste bosque*. En 2007 foi premiada no certame para creadores novos da Xunta de Galicia *Gzcrea*, coa serie de poemas *A tiranía do des*.

En 2010 publica, en coautoría con Elvira Riveiro, o poemario *Biografía da multitude*. Premio Victoriano Taibo 2009.

En abril de 2013 publica *As uñas crecen*, poemario gañador do certame Manuel Lueiro Rey de poesía.

Tamén en 2013 publícase *As xeórxicas do pan*, de Otero Pedrayo, do cal é editora.

Desde 2002 participa en numerosos recitais como membro do colectivo Redes Escarlata.

Gañadora do I Slam poetry Vigo e do Slam Arousa.

Seleccionada para participar no Gran Slam Internacional de Barcelona que se celebrou en marzo de 2013 e no Poetry Slam Nacional de Madrid.

Actualmente é membro de diversos proxectos literarios e musicais, como o obradoiro infantil "Ola ríos, ola fontes", promovido pola Área de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, o proxecto Tristecentos versos (xunto cos poetas Elvira Riveiro e Xabier Xil e a DJ Carina Posse) e Cintaadhesiva.